


A guía práctica de viaxe máis completa de Padrón con planos, rutas e 115 fotografías



FICHA TÉCNICA: 112 pp . 12 x 22 cms.

ISBN 978-84-16460-54-0

PVP: 13,90 € Idioma: castelán



SANTIAGO DE COMPOSTELA, ABRIL DE 2019.- Padrón é o epicentro das tradicións que deron orixe ao **Camiño de Santiago**. Por fin, unha guía completa que reúne todos os atractivos desta vila. Ademais de ser o lugar onde a tradición sitúa a chegada do corpo do apóstolo Santiago a Galicia, Padrón é toda unha descuberta: os seus edificios nobres e a arte do seu milenario **centro histórico**; as casas fundadoras de dous escritores únicos: **Rosalía de Castro** e **Camilo José Cela**; unha gastronomía liderada polos **pementos** de Herbón-Padrón e a senlleira **lamprea** (un peixe de 500 millóns de anos). Ademais, os seus sedutores espazos naturais, bañados polos **ríos Sar e Ulla**, e as súas animadas festas, que non debemos perder.

Máis de cen fotografías, planos explicativos, rutas e numerosas propostas ilustran e guían ao longo dunhas páxinas que están deseñadas, e redactadas, para camiñar co libro na man e gozar plenamente deste lugar. Dirixida a todas as persoas, sexan peregrinas, viaxeiras, visitantes ou veciños, que queiran descubrir e gozar de Padrón.

MANUEL GARRIDO RIVERO (Segovia, 1964). Historiador e peregrino. Vive en Padrón desde 1992. É autor de libros e artigos relacionados co Camiño de Santiago. Escribiu a primeira guía práctica do Camiño Portugués (2004) e a *Guía práctica da Ribeira Sacra* (1ª edición en 2008 e segunda edición revisada en 2017). Participou na redacción da *Gran Enciclopedia do Camiño de Santiago. Dicionario de cultura xacobeá* (2010). Foi director da Asociación Galega de Amigos de Camiño de Santiago (AGACS). É socio fundador da Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago (FICS).



Para contactar co autor: Manuel Garrido 686-822-771 cemagarrido@hotmail.com

